

# HOTEL BALNEARIO DO RÍO PAMBRE



**“O complexo foi construído segundo criterios bioclimáticos”**  
*Víctor Aramburu Molet*

## Datos básicos

<b>Actividade:</b>	Hotel Baleario
<b>Sector de actividade</b>	Turismo, hostalería e restauración
<b>Nº empregados</b>	18
<b>Inversión inicial</b>	1.500.000 €
<b>Financiamento inicial:</b>	O investimento inicial foi financiado con fondos propios, préstamos bancarios, subvencións e a sociedade de capital risco UNIRISCO.
<b>Web:</b>	<a href="http://www.balnearioriopambre.com">www.balnearioriopambre.com</a>
<b>Provincia:</b>	Palas de Rei, Lugo
<b>Ano creación:</b>	2003

## Descrición do proxecto

Trátase dun hotel balneario situado a dous quilómetros do Camiño de Santiago ao seu paso por Palas de Rei. O contorno é de grande riqueza paisaxística xa que está rodeado de bosques autóctonos con árbores centenarias, nas inmediacións do castelo de Pambre e surcado por ríos de augas limpas e cheas de vida.

O complexo construíuse segundo criterios bioclimáticos e aproveitando a orientación, a calor e a luz mediante cristaleiras e galerías. Enriqueceuse ademais o proxecto coa incorporación de enerxías alternativas (paneis solares) e materiais característicos da arquitectura galega (pedra, madeira e lousa).

O hotel dispón de 11 habitacións e dúas pallozas con seis habitacións cada una. Ofrecemos servizo de restaurante de cociña galega, á vez tradicional e innovadora, elaboradas coas mellores materias primas e alimentos de cultivo ecolóxico. E ofrecemos actividades no contorno, entre as que destacan rutas de sendeirismo, bicicletas de montaña, piragüismo, augas bravas, visitas ao castelo de Pambre, os pazos de Ulloa, o hospital de peregrinos, a ponte medieval, o castro de Remonde, etc.

O balneario está dotado con augas mineromedicinais sulfuradas, indicadas especialmente para enfermidades reumáticas, enfermidades da pel, sistema respiratorio, vasculares e estrés. Ofrecemos baños de burbullas, hidromasaxe, chorros, masaxes, algoterapia, peloides, presoterapia, tratamentos faciais, baño de vapor e piscinas activas con chorros, camas de burbullas e xacuzzi.



## Datos empresa

### Claves do éxito

Creo que a clave principal é ter moita capacidade de traballo e crer no teu proxecto. O período de implantación foi moi longo, transcorreron cinco anos desde que fixemos os primeiros números ata que abrimos as portas, e durante ese tempo tivemos que enfrontarnos a moitos problemas que non teríamos superado se non tivéssemos unha fe absoluta no noso proxecto.

Ademais, a situación é extraordinaria, rodeados dun bosque autóctono e un rico patrimonio histórico e cultural. Os clientes dinos que aquí atópase auténtica tranquilidade.

É un balneario tipicamente rural, como os que se construían antigamente e arredor dos cales se ían formando unha poboación (como foi o caso de Mondariz).

### Situación actual

Conseguimos arrancar e notamos bastante a estacionalidade. A partires de maio a afluencia de clientes foi crescendo, mais os invernos son complicados e para paliar a situación, ideamos novas fórmulas que reactiven o mercado.

### Perfil cliente

Recibimos todo tipo de clientes. Tratamos de captar a clientes que valoren a natureza, o patrimonio cultural do contorno, os deportes de aventura, as medicinas naturais e a boa cociña.



## Idea inicial

Dous dos socios coñecémonos facendo descenso de augas bravas. Os dous compartíamos a afección por este deporte e un día fomos dar a un antigo balneario abandonado, a 15 km. de aquí (no balneario de Fraguas). Seduciunos a idea de poder desenvolver algo similar.  
As doses de viabilidade a esa idea púxoas o meu socio.

Atopámonos con barreiras administrativas que retardaron a implantación do proxecto, en particular, a declaración das augas mineromedicinais, os permisos de construción, as licenzas de apertura, etc. En ocasións, as dificultades proviñan do feito de que varios organismos teñen que certificar un mesmo permiso.  
E tivemos que traballar moito para lograr financiar o investimento inicial, ademais de hipotecar as nosas propiedades. Por outra parte, o prazo de cobro das subvencións, supón para nós un custo importante.  
Un problema que se mantén na actualidade é a deficiencia en infraestructuras de telecomunicacións (carecemos de conexión a internet, e o teléfono e o fax funcionan con dificultade).

## Aptitudes necesarias

Creo que o máis importantes é a capacidade de traballo e o esforzo para sacar adiante o teu proxecto. Ademais necesitas unha enorme dose de ilusión e crer plenamente no teu proxecto e saber que conseguirás sacalo adiante.

## Perfil promotores

Víctor Aramburu achega formación en xestión hoteleira e experiencia profesional nunha multinacional do sector téxtil.  
A empresa conta con dous socios máis.



## Guía de Actividad

**Turismo rural.** ([www.guias.bicgalicia.es](http://www.guias.bicgalicia.es))

### Motivacións

**A independencia que proporciona  
Gañar cartos**

**Dedicarme ao que me gusta  
O reto que supón**

### Formación

#### **¿Recibiú información específica sobre a creación de empresas?**

Si, é básico saber como manexarte e ter coñecementos de todos os aspectos que se poñen en marcha cando se crea unha empresa. Neste sentido, cremos que a formación é moi importante e tratamos de ir a todos os cursos posibles para estar actualizados en todo momento.

#### **¿Considera importante recibir formación específica sobre creación de empresas para desenvolver con éxito un proxecto empresarial?**

Víctor Aramburu achega formación en xestión hoteleira e experiencia profesional nunha multinacional do sector téxtil.

A empresa conta con dous socios máis.

### Anecdotalio

Atopámonos co problema de que por esta zona non se organizan cursos, especialmente cursos específicos do sector da restauración, que son necesarios para os nosos empregados. Por iso estamos organizando un curso aquí, no balneario.

